

C

Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2018 → 2019

XOVES 21
MARZO 2019

20.30 h

Auditorio de Galicia

Antoni Wit Director



PROGRAMA

I

STANISŁAW MONIUSZKO (1819-1872)

Abertura Paria (13´)

FRANZ SCHUBERT (1797-1828)

Sinfonía núm. 3 en Re maior, D. 200 (26´)

Adagio maestoso; Allegro con brio

Allegretto

Menuetto: Vivace

Presto vivace

II

MIECZYŚLAW KARLOWICZ (1876-1909)

Sinfonía en mi menor "Renacemento", op. 7 (45´)

Andante - Allegro

Andante non troppo

Vivace

Allegro maestoso - Allegro ben moderato - Allegro vivo

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 40 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal director invitado

Jonathan Webb

Director asociado

Maximino Zumalave

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG é financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Claudio Guridi
Ilya Fisher
Anna Alexandrova
Ildikó Oltai
Ewa Pawlowska ***
Victoria Jurov
Yulia Petrushevskaya
Michal Ryzcel

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Elina Viksne
Samira Ajkic
Enrique Roca
Gyula Vadaszi
Helena Sengelow
Kiyoko Ohashi
Irina Gruia

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Oxana Bakulina
Ionela Ciobotaru
Timur Sadykov
Ane Aguirre
Anne Schlossmacher

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Ailsa Lewin
Millán Abeledo
Thomas Piel
Elena Domínguez ***
Carlos García

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **
Marta Gómez ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Jorge Ripoll ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Jordi Ortega *
Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Germán Latorre ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TROMBÓNS

Iago Ríos (R)
Arturo Centelles (R)
Brais Molina (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

M^o Isabel Diego (R)

ANTONI WIT

Director

É un dos directores máis respectados de Polonia e un gran coñecedor da música polaca. Gañador en 1971 do primeiro premio no Concurso Internacional de Dirección Herbert von Karajan, foi axudante de Karajan no Festival de Pascua de Salzburgo. Posteriormente traballou coas principais orquestras en Polonia antes de asumir o cargo, durante doce anos, de Director Xeral e Artístico da Filharmónica de Varsovia ata a temporada 2012-2013. Foi Director Titular da Orquesta Sinfónica de Navarra e na actualidade é Director Honorario da Orquesta Filharmónica de Cracovia, en Polonia. En 2015 foi galardoado por Francia coa Lexión de Honra.

Ten desfrutado dunha carreira internacional dirixindo importantes orquestras en Europa, América e Oriente. Destacan especialmente concertos coa Filharmónica de Dresde, Orquesta Sinfónica da WDR de Colonia, Orquesta da Tonhalle de Zúric, Filarmonica della Scala, Sinfónica de Montreal, Filharmónica de China, Royal Philharmonic, Sinfónica da BBC e Philharmonia.

Sete veces nomeado aos Premios Grammy, ten rexistrado máis de duascenas gravacións para EMI, Sony e Naxos. Mención especial merece a aclamada versión dos concertos para piano de Prokófiev con Kun-Woo Paik, galardoado co Diapason d'Or e co Grand Prix da Nouvelle Académie du Disque. Recibiu o Premio EMI ao "Disco do Ano" en 1985 pola súa gravación de *Stabat Mater* de Szymanowski. En 2002 concedéronlle o Cannes Classical Award pola súa gravación da *Sinfonía Turangalila* de Messiaen. O seu primeiro lanzamento en DVD baixo o selo ICA Classics recibiu o premio "Elección do Editor / DVD do Mes" pola revista Gramophone. O DVD inclúe as sinfonías Terceira e Cuarta de Szymanowski coa Filharmónica de Varsovia.

Entre os seus compromisos orquestrais recentes e futuros inclúense concertos coa Filharmónica de Berlín, Orquesta Sinfónica da Radio de Stuttgart, Estatal de Weimar, Sinfónica da Radio Nacional de Polonia, Orquesta do Festival de Budapest, Royal Philharmonic Orchestra, Filharmónica de Helsinki, Filharmónica

de Malaisia, Academia Nacional de Santa Cecilia de Roma, Sinfónica Alemá de Berlín, Sinfónica de Radio Praga, Nacional de Lyon, Sinfónica de Barcelona, Sinfónica de Puerto Rico, Casa da Música de Porto, Filharmónica de San Petersburgo, Filharmónica de Nagoya, Nova Filharmónica de Xapón, Teatro Colón de Buenos Aires, Filharmónica de Hong Kong, Filharmónica de Estrasburgo, NDR Radiophilharmonie de Hannover, Sinfónica Nacional de Taiwán, Orquestra NCPA de Beijing, Sinfónica Nacional de Dinamarca, Nacional de España, Sinfónica Nacional da Radio de Polonia, Sinfónica da BBC, Estatal de Dresde e Orquestra de Cleveland.

Stanislaw Moniuszko (1819 -1872)

A pesar da súa ascendencia armenia, Stanislaw Moniuszko foi considerado como o maior autor lírico polaco do século XIX cuxa produción está, basicamente, concentrada nas súas óperas, operetas e outras músicas escénicas, cantatas e as máis de 250 cancións. O seu éxito operístico debeuse entre outras cousas á súa capacidade para combinar os elementos expresivos usuais das óperas italiana e francesa con ritmos, materiais melódicos e harmónicos da música tradicional de Polonia, sobre todo, da música de danza e así, pódense detectar nas súas óperas referencias á mazurka, a polonesa, o *krakowiak* e o *kujawiak*. A última ópera de Moniuszko, *Paria* xira arredor do amor entre Neala -filla do sumo sacerdote e líder da casta dos brahmines, Akebar- e o valeroso guerreiro Idamor e foi escrita entre 1859 e 1869, ano da estrea. O compositor, con 18 anos, leu e traduciu ao polaco o texto teatral de Casimir Delavigne posiblemente para utilizalo máis tarde como fonte dunha obra musical. Co tempo, esa tradución perdeuse e Moniuszko manexou un libreto de Jan Checinski, quen xa escribira os libretos para outras dúas óperas, *A mansión encantada* e *Verbum nobile*. A abertura de *Paria*, de inconfundible perfil romántico, mantén como característica principal certo apego aos modelos italianos do xénero, aínda que gardando certas referencias á música centroeuropea. Como é habitual nas aberturas de ópera da época, a de *Paria*

presenta un discurso cimentado na exposición de diferentes estados de ánimo. A obra non foi ben recibida posiblemente porque o público polaco non conectou cunha historia da India do ano 1500 acostumado a que as óperas do autor tiveran lugar no terreo da nobreza e a alta burguesía polaca.

Franz Schubert (1797 - 1828)

Mentres que no *lieder* Schubert revelara novas causas para a sensibilidade humana cunha anticipación increíble, no xénero sinfónico mantívose fiel aos modelos de Haydn e Mozart coas excepcións da *Décima Sinfonía* así como da súa *Inacabada*. As seis sinfonías xuvenís foron escritas entre 1813 e 1818, época na que Schubert era profesor e ata elixir a vida máis liber pero máis complicada de compositor no que o correspondente cambio nas condicións sociais afectou a unha transformación decisiva no estilo e nos intereses sinfónicos do autor. A *Sinfonía núm. 3 en re maior* foi escrita entre maio e xullo de 1815, un ano extraordinariamente produtivo -arredor de 150 *lieder* e varias obras teatrais incluído o singspiel *Claudine von Villa Bella*-. Como case todas as sinfonías de Schubert, a *Terceira* ábrese cun conciso *Adagio maestoso* que precede ao *Allegro con brio* e, que anticipa o material que ensambla todo o movemento. O tema principal, sobre un ritmo do clarinete, abre o discurso cun tema de resonancia rossiniana e correspóndelle ao óboe expoñer o segundo tema. Non presenta movemento lento, senon un liviano e delicado *Allegretto* na forma ternaria máis simple que para algúns críticos non é máis que un *lied* sen palabras. Quizá o espírito do verdadeiro *scherzo* romántico desta sinfonía apareza no *Minuetto* cunha forte acentuación e un trío en ritmo de danza con evocación aos *länder* campesiños. Un dos máis recoñecidos estudiosos de Schubert, Clive Brown define así o último movemento “...entre tarantela e final dunha ópera bufa, aparecen xiros que se van sucedendo un a outro con impresionante rapidez e que deixan ao que escoite nun estado de alegre embriaguez”.

Mieczyslaw Karłowicz (1876 - 1909)

Debido á súa prematura morte por un alude nos montes Tatras, o polaco Mieczyslaw Karłowicz deixou un reducido catálogo claramente influenciado por Chaikovski e Wagner. Integrou xunto a Szymanowski, Rózycki, Fitelberg e Szeluto a corrente artística *Młoda Polska* (Nova Polonia) que propoñía a unión das artes polacas (música, literatura, plástica) coa vangarda europea da época. A súa música é considerada un dos cumios do posromanticismo e sobresaí pola súa procura dun carácter metafísico e espiritual, preto de autores como Scriabin, Mahler, Schönberg e Sibelius. Karłowicz, con vinteseite anos compuxo a súa única sinfonía de gran madurez e ambición compositiva, a *Sinfonía en mi menor*. Dado o seu título, *Renacemento* e o tema, a evocación da loita espiritual dun alma fronte ao destino, lembra á *Sinfonía Resurrección* de Mahler. Reflicte o concepto da música como unha forma artística particularmente propicia para a comunicación de ideas, cada movemento define de xeito orixinal os puntos de vista do compositor: o achegamento romántico, o pesimismo propio do movemento Nova Polonia, os ecos do pensamento positivista e a ollada metafísica no máis alá. A pesar da tristura e o desalento, o material temático reflicte frescura e memorabilidade de xeito que nada sona obsoleto, incluso na longa abertura do *Allegro*; no que, curiosamente, Karłowicz repite a exposición, quizáis como guiño á tradición sinfónica clásica coa que se estaba involucrando por primeira e única vez. O noble *Andante non troppo* semella o núcleo emocional da peza, o movemento que máis visiblemente anticipa a música que comporá no futuro aínda que algunhas das súas influencias son evidentes: o tema descendente ou a frase de resposta do vento madeira e cordas, chaikovskiana non só na forma, senón tamén no seu esquema temático. As seccións rápidas e externas do *Vivace* expresan a súa idea da euforia frenética e o trío é unha visión da muller desexada nos soños, completa coa loita pola despersonalización e a fascinación amorosa.

Venres 29 de marzo

20.30 h

Evocación

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE

Javier Perianes, piano

F. Chopin, *Nocturnos op. 48*

F. Chopin, *Sonata núm. 3 en Si menor op. 58*

I. Albéniz, *Iberia (Selección)*

M. de Falla, *Cuatro piezas españolas*

M. de Falla, *El Sombrero de Tres Picos (Selección)*

Sábado 30 de marzo

18.30 h

Mini Mozart

Descubre unha orquestra para ti... a túa!

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Jan Wierzba, director

Servizo Educativo de Casa da Música (Oporto)

W. A. Mozart:

As vodas de Fígaro, KV. 492

Serenata KV. 525 "Unha pequena serenata nocturna" (1º e 4º mov)

Sinfonía núm. 40, KV. 550 (1º mov)

Sinfonía núm. 38 "Praga", KV. 540 (3º mov)

Sonata piano núm. 11 en La M, KV. 331 (3º mov. *Rondo alla turca*, arr. orq.)

Don Giovanni, KV. 527: *aria "Deh viene alla finestra"*

Don Giovanni, KV. 527: *aria "Madamina! Il catalogo é questo"*



[RFG] Solidaria



CONSORCIO DE
SANTIAGO





GOBIERNO
DE ESPAÑA



XUNTA
DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA



AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura